



A nova normativa sobre o uso de fitosanitarios e pesticidas

Nas seguintes páxinas resumimos algunhas das principais normas que establece o novo decreto en materia de aplicación de fitosanitarios e pesticidas nos nosos cultivos, co fin de lograr unha achega sustentable de nutrientes aos chans agrarios para reducir a emisión de gases de tipo invernadoiro e outros gases contaminantes, así como os riscos e os efectos derivados da utilización de produtos para a nosa saúde.

Marta Blanco Pena
ESAD Bayer Cropscience SL.

En Europa cada ano observamos un clima máis cambiante, un tema que hoxe en día é unha preocupación mundial. Está claro que, aínda que non sexa só función do medio rural mitigar o cambio climático, formamos parte das posibles formas de frealo. A Unión Europea pretende encamiñar a agricultura e a gandería cara á mitigación deste, a protección do medio ambiente e do consumidor, por iso é

polo que se levan a cabo cambios na xestión das explotacións tanto gandeiras coma agrícolas para que toda contaminación diminúa.

É un ano de transición, no que pasaremos de rexistrar o estritamente necesario a rexistrar cada un dos nosos pasos nas nosas explotacións. Non obstante, malia que se incrementa claramente o traballo, tamén ten unha parte beneficiosa, dado que poderemos reducir

custos tanto en fertilizantes coma en fitosanitarios, de forma que pasemos a utilizar só o necesario para o noso cultivo. Dentro de cada un dos puntos indicados, temos a axuda da tecnoloxía que, malia que adaptarse nos pareza complicado, será de grande axuda en cada un destes procesos.

Os desafíos da agricultura actualmente son cada vez máis: cada ano cómpre producir máis alimentos baixo condicións climáticas fluctuantes, con superficies de cultivos e recursos máis limitados.

A poboación mundial medra de maneira exponencial, considérase que en 2025 haberá 10.000 millóns de habitantes.

E, sobre todo isto, debemos ter en conta os cambios nos patróns de consumo da poboación mundial en xeral, tendendo cada vez máis cara ao ecolóxico.

A Administración desenvolveu unha normativa que indica que se debe reducir un 50 % o uso xeral e o risco de pesticidas químicos, así como unha redución dos fertilizantes e a obrigatoriedade de rexistrar e xustificar cada aplicación realizada.



► É UN ANO DE TRANSICIÓN, NO QUE PASAREMOS DE REXISTRAR O ESTRITAMENTE NECESARIO A REXISTRAR CADA UN DOS NOSOS PASOS NAS NOSAS EXPLOTACIÓNS

USO SUSTENTABLE DE FITOSANITARIOS

Establécese por parte do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), en común co Comité Fitosanitario Nacional, comunidades autónomas e outros departamentos da Administración xeral un “Plan de Acción Nacional para o Uso Sustentable dos Produtos Fitosanitarios”. Neste plan establécense 2 obxectivos xerais:

- **Fomentar a Xestión Integrada de Pragas (GIP):** esta consiste en considerar todas as técnicas posibles para combater e diminuír o desenvolvemento de pragas. Na GIP a parte principal é a utilización dos produtos fitosanitarios en función do limiar de dano económico do cultivo, de forma que sexa rendible economicamente para o produtor en función da porcentaxe de cultivo afectado.
- **Reducir os riscos e efectos** derivados da utilización de produtos fitosanitarios, especialmente no ámbito da saúde humana e do medio ambiente (EPI, SIGFITO, LMR etc.).

Débese alternar o uso de produtos químicos co uso de produtos biolóxicos, así como rotación de cultivos e medios mecánicos co fin de diminuír o uso de fitosanitarios.

A maiores, debemos calibrar a maquinaria, non realizar aplicacións a diario senón dirixidas en función do problema detectado e o máis impor-


tante, contar co apoio técnico de persoal cualificado.

Actualmente e de cara a un futuro non moi afastado, está a traballarse na aplicación variable de fitosanitarios, boquillas que detecten as malas herbas etc.

Un punto moi importante á hora de adquirir un produto fitosanitario é consultar a súa folia de rexistro no Rexistro Oficial de Produtos Fitosanitarios, comprobando que está vixente, autorizado para o cultivo e a praga existente e as restricións de uso ben sexan ao produto ou á materia activa (aplicacións cada 2-3 anos...).


Por outra banda, é imprescindible rotar nas parcelas produtos con materias activas de distinto modo de acción. Neste punto debemos ter en conta, ademais, que a rotación de cultivos nas parcelas xoga un papel fundamental na aparición de resistencias, axudando a que estas non aparezan, dado que cada cultivo conta con produtos autorizados para este e con pragas distintas na maior parte deles. ►►

BATIDORES DE PURIN



Batidores de toma de forza, batidores eléctricos, batidores con motor hidráulico y agitadores sumergidos. ¡Tenemos el batidor apropiado para sus necesidades individuales!

DISTRIBUIDORES DE ENSILAJE DE HIERBA



Agratechnik Landmaschinen Ibérica S.L.
+34 (0) 678432835
+34 (0) 982314029

RECK www.reck-agrar.com

MÁS
POTENCIA

► MEDIANTE O USO DE FERRAMENTAS DIXITAIS E USANDO OS MAPAS DE VIXILANCIA EXISTENTES, PODEMOS REALIZAR APLICACIÓNS VARIABLES DE FERTILIZANTES REDUCINDO O USO DESTES OU OPTIMIZÁNDOO, CO FIN DE SACAR O MÁXIMO POTENCIAL DE CADA METRO CADRADO DA NOSA PARCELA

Hoxe en día instaurouse mediante o Real Decreto 1170/2023, do 27 de decembro, mentres non saia unha actualización da normativa co contrario, que se debe levar a cabo o rexistro electrónico de todas as aplicacións de fitosanitarios, salvo nos seguintes casos:

- As que contén cunha superficie agraria total menor ou igual a 5 hectáreas, a condición de que teñan unha superficie de regadío menor ou igual a 1 hectárea, excepto no caso dos invernadoiros.
- Dispoñan unicamente de superficie de pastos, sempre que non realicen aplicacións de fertilizantes nas devanditas superficies.
- As devanditas explotacións poden optar por utilizar o caderno dixital voluntariamente ou ben manter os rexistros en papel que determina a normativa sectorial, a disposición da autoridade competente.

A aplicación **do caderno de explotación dixital** realizarase de forma progresiva a partir do 1 de setembro de 2024 e será obrigatorio para as explotacións que contén cun total de 30 ha, as que contén con máis de 5 ha en regadío ou cultiven baixo invernadoiro; e a partir do 1 de setembro de 2025, para o resto dos produtores, salvo os excluídos e os que posúan unicamente superficie de pastos sen fertilización.

É importante levar a cabo un correcto rexistro das aplicacións efectuadas na explotación, dado que no momento en que levamos a cabo a compra dun fitosanitario o distribuidor debe comunicarllo ao RETO. De aí a importancia de posuír un carné básico de fitosanitarios se só realizamos aplicacións ou compras para

a nosa explotación, ou cualificado cando contamos cunha empresa de servizos, cooperativa, CUMA, nas cales levan a cabo aplicacións fitosanitarias a terceiros. Neste punto cabe lembrar que as ITEAFS de sulfatadoras e sementadoras (no caso de que contén con posibilidade de aplicación de insecticida en liña) terán que realizarse cada tres anos, como se indica no Decreto 60/2014, do 15 de maio. Cómpre ter a maquinaria inscrita no ROMA e a empresa no ROPO como usuario profesional e como aplicadores, cun caderno propio onde se deben indicar as adquisicións e aplicacións de fitosanitarios na parcela do cliente que se realicen.

No caderno de explotación debemos rexistrar tamén a cantidade de semente utilizada, pois, como mínimo, contará cun tratamento funxicida, así como o insecticida aplicado ao chan no momento da sementeira.

Cabe lembrar tamén que non se poden aplicar fitosanitarios a menos de 50 metros de canles ou puntos de captación de auga, nin realizar a limpeza das máquinas a menos de 25 metros destes. Debemos ter en conta a normativa con relación ao almacenamento e recollida de envases de fitosanitarios, os cales é importante manter nun lugar pechado e illado, ademais de afastado de calquera materia prima de alimentación animal ou humana. Tamén se debe destacar a obrigatoriedade de lavar os envases tres veces antes de que sexan recollidos por unha empresa autorizada, recollendo o respectivo xustificante.

Co obxectivo de facilitar o traballo aos agricultores o máximo posible, Bayer chegou a un acordo con X-Farm para poder rexistrar mediante Field

View os datos de cada aplicación realizada nas nosas parcelas cubrindo directamente o caderno de campo.

Dentro da páxina web www.mapa.gob.es, no apartado de agricultura temos acceso a cada apartado acerca da lexislación vixente, dos produtos aos que se lles cae o rexistro, dos novos autorizados, normativas que debemos cumprir etc.



En resumo, non é complicado levar a cabo unha redución da cantidade de produtos químicos utilizados; a idea é tecnificar a análise de cada cultivo e a aplicación do produto indicado no momento adecuado, de tal forma que aumentamos a súa eficacia e reducimos custos, incrementando a sustentabilidade da explotación e a conservación do medio ambiente reducindo os riscos para a saúde, ao mesmo tempo que melloramos a xestión da nosa explotación con axuda dos técnicos presentes en campo.

USO SUSTENTABLE DE FERTILIZANTES

No ano 2023, despois de tres anos de tramitación, levouse a cabo a aprobación do Real Decreto 1051/2022, do 27 de decembro, polo que se establecen normas para a nutrición sustentable nos chans agrarios, no cal se indican os cambios que se deben aplicar na xestión de xurros e fertilizantes. O devandito decreto entrou en vigor o 1 de xaneiro do 2024.

Mediante a aplicación deste real decreto preténdense establecer normas básicas para conseguir unha achega sustentable de nutrientes aos chans agrarios coa mínima emisión de gases de tipo invernadoiro e outros gases contaminantes, sobre todo amoníaco, á atmosfera, ao mesmo tempo que reducir a contaminación de augas e de chans. Prevese xestionar de maneira sustentable a nutrición dos cultivos, incrementar a produción agroalimentaria de forma ►

GRUPO AGROAMB

SENTIDO DA RECICLAXE

VANTAXES

- ✓ Melloran a estrutura do solo, drenaxe, retención de auga e aireación, proporcionando un mellor ambiente de enraizamento das plantas.
- ✓ Posúen calidades de liberación de nutrientes lenta. O material continúa a súa descomposición dentro do solo, reducindo a cantidade de nitróxeno e fosfato que pode orixinarse cos fertilizantes químicos.
- ✓ Melloran a capacidade de traballo dos chans, especialmente arxilosos pesados.
- ✓ Melloran a retención de auga nos solos lixeiros.
- ✓ Melloran a resistencia á compactación do solo e á erosión.
- ✓ Reducen a necesidade de fertilizantes artificiais.
- ✓ Regulan o pH do solo, ao achegar cal.

PRODUTOS FERTILIZANTES

O seu contido en materia orgánica, nitróxeno e fósforo fanos especialmente atractivos para a elaboración de fertilizante no sector agroforestal. Entre as súas variadas vantaxes hai que destacar que melloran a estrutura do solo, o seu grao de porosidade e a capacidade de retención de auga debido fundamentalmente á achega de materia orgánica. Ademais, proporciónalle ao solo nitróxeno, fósforo e potasio de liberación lenta, e, ao achegar cal, permite regular o pH do solo. AGROAMB ten inscritos os diferentes produtos fertilizantes que elabora no Rexistro de Produtos Fertilizantes do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

FERTILIZANTES AUTORIZADOS

CÓDIGO	TIPO	NOME COMERCIAL
F0001757/2022	Fertilizante orgánico NPK de orixe animal e vexetal	AGROTHAME ORGANITE START
F0001894/2022	Emenda orgánica compost	AGROTHAME ORGANITE COMPOST
F0001895/2022	Emenda orgánica compost	AGROTHAME ORGANITE COMPOST START
F0001896/2022	Emenda orgánica húmica	AGROTHAME ORGANITE HUMICO START
F0001897/2022	Emenda orgánica húmica	AGROTHAME ORGANITE HUMICO
F0001919/2023	Fertilizante órgano-mineral nitróxeno líquido	AGROTHAME ORGANITE N-LIQ
F0001925/2023	Fertilizante órgano-mineral NK líquido	AGROTHAME ORGANITE PURINE
F0001926/2023	Fertilizante órgano-mineral NP líquido	AGROTHAME ORGANITE LIQUID
F0001980/2023	Emenda orgánica húmica	AGROTHAME ORGANITE HUMICO ZEN
F0002420/2025	Fertilizante órgano-mineral NPK	AGROTHAME ORGANITE AGRO
F0002421/2025	Fertilizante órgano-mineral NPK	AGROTHAME ORGANITE SULFAGRO
F0002422/2025	Emenda orgánica húmica	AGROTHAME ORGANITE HUMOST



AGROAMB

Ponte de Outeiro, 10 | 27256 Castro de Rei (Lugo)

Teléfono (+34) 982 231 365 | Fax (+34) 982 240 534

E-mail agroamb@agroamb.com | Web www.agroamb.com

sustentable, así como a cantidade de materia orgánica dos chans agrarios. Con todo iso contribúese a loitar contra o cambio climático.

Todas as explotacións agrícolas e forestais serán responsables da elaboración e aplicación dun plan de fertilización en cada unidade de produción integrante da explotación, excepto as que teñan menos de 10 ha, todas elas en secaño. O citado plan poderase modificar ao longo da campaña segundo a evolución do cultivo. No plan de fertilización terase en conta o volume de auga achegada normalmente polas precipitacións na zona e a súa distribución anual. Dentro de Bayer co programa Field View poderemos dixitalizar esta parte segundo os mapas de monitoreo, saúde e dispoñibilidade de auga en cada parcela, axudándonos a xestionar este apartado. Para levar a cabo o devandito plan será necesario a toma de mostras de terra das parcelas, que, segundo a cantidade de xurro e esterco producido en cada explotación, será indicado o número necesario das citadas mostras ao ano.



Terán que levar a cabo un caderno de campo dixital, no cal anotarán cada unha das operacións en achega de nutrientes ou materia orgánica ao chan antes dun mes da data de realización.


Non se deberán levar a cabo achegas de fertilizantes en terreos xeados ou con neve e períodos de avisos meteorolóxicos por precipitacións.

Poderase desenvolver regulamentariamente por orde do MAPA o sistema de revisións periódicas das fertilizadoras e apeiros utilizados nas aplicacións de fertilizantes.

Impleméntase a prohibición da aplicación de xurros mediante sistemas de prato, abano e por canón, salvo nos seguintes casos:

► NO CADERNO DE EXPLOTACIÓN DEBEMOS REXISTRAR TAMÉN A CANTIDADE DE SEMENTE UTILIZADA, POIS COMO MÍNIMO CONTARÁ CUN TRATAMENTO FUNXICIDA, ASÍ COMO O INSECTICIDA APLICADO AO CHAN NO MOMENTO DA SEMENTEIRA

- Recintos con pendentes superiores ao 10 %.
- Nas explotacións nas cales os recintos con máis do 10 % de pendente supoña máis da metade da superficie total da explotación ou cando a superficie dos recintos con pendentes medias iguais ou inferiores ao 10 % non superen as dúas hectáreas.



Poderemos rexistrar as aplicacións de fertilizantes con maquinaria ISO-BUS desde o tractor con Field View.

CONCLUSIÓN

Aínda que todos somos conscientes do esforzo burocrático que estas normativas supoñen, podemos mellorar o rendemento das nosas explotacións e producir dunha forma máis sustentable. É importante coidar o medio ambiente e o medio rural porque son o noso medio de vida, e a base da vida de toda a poboación mundial. Trátase de que as xeracións futuras atopen un planeta vivo e unhas terras nutridas que lles permitan continuar producindo alimentos.

Cada vez é máis necesaria a figura do técnico nas explotacións agrícolas, non só para cumprir a normativa vixente senón tamén para optimizar os recursos; será o encargado da produción de alimentos de calidade, minimizando ou mesmo evitando as perdas de rendemento provocadas por todos os factores limitantes.

Estamos ante un proceso de transformación da agricultura, na que a súa dixitalización da mesma xogará un papel importante. Serán as ferramentas dixitais as que nos axuden a realizar esta transformación. ■

El plan de fertilización más completo, eficiente y rentable para tu maíz forrajero



Mejorador nutricional de purines, con inhibidor del nitrógeno y regeneradores biológicos del suelo que incrementan el desarrollo de la planta.



NPKs tecnológicos de precisión pobres en cloruro con nitrógeno inhibido, potenciadores de la fertilidad y bioestimulantes del cultivo.



Bioestimulante ecológico activador del crecimiento vegetal y del rendimiento productivo con prebióticos y probióticos para la fijación de nitrógeno.

MAÍZ FORRAJERO



Aplicación de purín



Preparación del terreno



Emergencia (v1)



Desarrollo vegetativo (v4-v6-v8)



EFISOIL Purín	Dosis: 10 L/ha	
RENOVATION FUERZA Máxima	Dosis: 350-400 kg/ha	
EFISOIL Superbia AZO-N		Dosis: 1kg/ha

*Estas dosis son orientativas y deben de ser ajustadas en función de la fertilidad del suelo.